

# ACTIVIDADES NADAL 2016 – CONCELLO DE PONTECESURES



## 1. TECENDO POLO CAMBIO:

Encontros para aprender e tecer unha obra conxunta ao tempo que se debate e acta de "yarnbombing". Dirixido a mulleres e homes de tódalas idades.

Prazo de inscrición ata o 16 de novembro, nas oficinas municipais.

Desenvolvemento: Os venres 18 e 25 de novembro, e o 2 e 9 de decembro no semisoto da Casa do Concello, de 18.00 a 20.00 horas.

Acto de YARNBOMBING: Venres 9 de decembro.

---



## 2. 25 N: DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:

Actividade conmemorativa do Día Internacional de Loita contra a Violencia de Xénero (acto institucional).

Sábado 26 de novembro ás 18.30 horas na Plazuela.

---



### **3. EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA: “ÁFRICA, SOÑOS E MENTIRAS”:**

Exposición fotográfica que forma parte do proxecto *Causas Comúns*, de sensibilización sobre o incumprimento dos Dereitos Humanos tanto en África como en Europa (aspectos como a vivenda, o traballo, a alimentación ou a xustiza).

Dende o 2 ata o 26 de decembro no Salón de Plenos da Casa do Concello, de 9.00 a 14.00 horas.

---



### **4. EXPOSICIÓN DE PINTURA:**

Exposición de pintura (óleo, acuarela...) . Aberto á colaboración veciñal, calquera persoa pode achegar a súa obra para expoñela.

Dende o 2 de decembro ata o 10 de xaneiro na Casa do Concello, de 9.00 a 14.00 horas.

---



### Concello de Pontecesures

Carpa informativa

Ubicación: A Plazuela

VENRES 2 DECEMBRO | 10.00-14.00 h



[www.oportunidadesparareciclar.gal](http://www.oportunidadesparareciclar.gal)

## 5. OBRADOIRO DE RECICLAXE: “ISTO NON É UNHA BOTELLA”:

Carpa informativa sobre reciclaxe. Venres 2 de decembro na Plazuela de 10.00 a 14.00 horas.



### Día da Bicicleta en Pontecesures

Aula móbil informativa

Ubicación: A Plazuela

VENRES 23 DECEMBRO | 15.00-18.00 h



[www.oportunidadesparareciclar.gal](http://www.oportunidadesparareciclar.gal)

## 6. OBRADOIRO DE RECICLAXE: “ISTO NON É UNHA LATA”:

Aula móbil informativa sobre reciclaxe: Venres 23 de decembro na Plazuela de 15.00 a 18.00 horas.



## 7. FESTA DA BICICLETA:

Venres 23 de decembro. Saída dende a Plazuela ás 17.00 horas.

---



## 8. OBRADOIROS DE NADAL PARA OS MÁIS PEQUENOS:

**ORGANIZA: PITUFOLANDIA**

**COLABORA: CONCELLO DE PONTECESURES**

Cantaxogos, contacontos, etc...Nenos/as de 3 a 12 anos. De 9.00 a 14.00 horas no Anexo ao Pavillón Polideportivo ou no Centro Social. Dende o 22 de decembro ata o 5 de xaneiro, de luns a venres.

---



## 9. “COAS MANS NOS PUCHEIROS”:

Obradoiro interxeneracional de cociña (do programa “TECENDO LAZOS” da Deputación de Pontevedra). Para tódalas idades (os menores de 13 anos teñen que ir acompañados). Desenvolvemento no mes decembro (pendente de datas) no Centro Social. Inscripción ata o 30 de novembro.

---

**XVII CARREIRA POPULAR**  
**PONTECESURES**  
**8 DEC 2016**

PRAZA DO COCHE DE PEDRA  
A PARTIR DAS 11.30 HORAS

**PREMIOS:**  
Camisetas aos 200 primeiros clasificados/as na proba absoluta.  
100 camisetas a repartir entre os primeiros clasificados/as nas categorías inferiores.  
Trofeos aos 3 primeiros /as da proba absoluta.  
Medallas aos 3 primeiros de cada categoría.  
Trofeo ao participante máis veterano/a.

**BASES:**  
Inscripción nas webs: [www.fgatletismo.es/santiago](http://www.fgatletismo.es/santiago)  
[www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org)  
Inscripcións ata o 5 de decembro ás 22.00 horas.  
Teléfonos de información: 986 564 410 - 986 564 403

+ info: [www.pontecesures.org](http://www.pontecesures.org)

**CONCELLO DE PONTECESURES** **DEPUTACIÓN PONTEVEDRA**

Haberá servizo de duchas no Pavillón Polideportivo.

## 10. XVII CARREIRA POPULAR DE PONTECESURES:

Xoves 8 de decembro a partir das 11.30 na Praza do Coche de Pedra.

Máis info: <http://pontecesures.org/vernoticia.asp?id=951>

---



## 11. PAPA NOEL PERCORRE O POBO:

**ORGANIZA: ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTECESURES**

**COLABORA: CONCELLO DE PONTECESURES**

Desfile de Papa Noel polas rúas do noso pobo o sábado 24 de decembro. Saída ás 10.00 da mañán dende a nave de obras do concello e final do desfile na Plazuela ás 12.00 horas con sorteo de agasallos os nenos/as. Para participar neste sorteo é preciso que os nenos/as depositen a súa carta a Papa Noel nos buzóns instalados nos días previos nos establecementos comerciais de Pontecesures.

---




## 12. BELÉN VIVINTE NA PLAZUELA:

**ORGANIZA: ASOCIACIÓN CULTURAL PONTECESURES**

**COLABORA: CONCELLO DE PONTECESURES**

Belén vivinte na Plazuela durante toda a xornada do 25 de decembro.

---



### **13. DESPEDIDA DO ANO (FIN DE ANO):**

Despedida do ano con uvas e campanadas o sábado 31 de decembro ás 12.00 horas na Plazuela.

---



### **14. CABALGATA DE REIS:**

Xoves 5 de xaneiro. Saída dende a zona portuaria de Pontecesures ás 18.00 horas, con percorrido ata a Plazuela.

---



## 15. ACTO SOLIDARIO “MÓVETE DANCE”:

**ORGANIZA: ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTECESURES**

**COLABORA: CONCELLO DE PONTECESURES E MÓVETE CON NÓS**

Exhibición de Body Jump, aerobio, zumba,...etc. con recollida de alimentos con fins solidarios. O sábado 7 de xaneiro ás 16.30 horas na Plazuela. Posteriormente ás 18.00 horas, tamén na Plazuela sorteo de agasallos por parte da Asociación de Empresarios de Pontecesures.